

NORMAS DE UTILIZACION DOS LABORATORIOS E EQUIPOS AUDIOVISUAIS

(Aprobado en Xunta de Facultade o 10 de xulio de 2018)

OBXETIVOS

O obxectivo da presente normativa é regular as condicións de uso dos equipos audiovisuais e informáticos dos laboratorios audiovisuais, así como controlar o préstamo de material audiovisual aos alumnos e profesorado da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

O uso, préstamo e mantemento do material ten como finalidade dar apoio ao labor docente e investigadora do profesorado, así como dar soporte técnico ao alumnado na súa actividade académica, potenciando deste modo os seus coñecementos e aprendizaxe.

O uso dos equipos e do material unicamente terá finalidades académicas, non lúdicas nin de entretenimento.

Neste contexto, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo elaborou a presente normativa reguladora do préstamo e uso dos MAVS do Centro.

CAPÍTULO I. MEDIOS DISPOÑIBLES

Artigo 1: Os MAVs están recollidos nunha Base de Datos accesible via Web, actualizada periódicamente, onde se establece a súa tipoloxía, ben sexan laboratorios ou material audiovisual para o préstamo, o cal estará catalogado por categoría, modelo e nome.

Artigo 2: O personal técnico é o encargado de entregar e recoller os equipos e dar soporte técnico aos usuarios, de xestionar o préstamo de éstos, así como o de velar polo estado correcto do material.

Art. 3: O horario de atención ao público do personal técnico, será de 9 a 21 h durante os días léctivos, podendo alterarse e reducirse nalgún turno nos periodos non léctivos. Asimesmo dada a limitación de persoal técnico, mentras haxa un só técnico pra cada turno, poden producirse situacións de ausencias xustificadas en base aos seus dereitos recollidos no

Convenio Laboral. A web avisará aos usuarios vía mail das posibles ausencias xustificadas con 24h de antelación.

O comenzo de cada curso académico faránse públicos os horarios preferentes de entrega e recollida de material, dentro do horario xeral do Gabinete.

CAPÍTULO II. RESPONSABILIDADE DOS USUARIOS DOS MAVS

Artigo 4: Serán usuarios do servizo os alumnos matriculados, e o profesorado que imparta docencia, en calquera titulación do centro. Para manter a condición de usuario do servizo de préstamo non se pode ter ningunha devolución ou sanción pendiente.

Artigo 5: O usuario que utilice os MAVs é o responsable do seu uso e conservación, **polo que se recomenda que comprobe o estado do material, tanto no momento da súa recepción, como no da súa entrega diante do técnico.** No caso de detectar algunha anomalía, ésta debe ser comunicada expresamente cuanto antes a través do correspondente **parte de avarias via web.**

Artigo 6: Todo usuario será responsable dos desperfectos que por dolo, culpa ou negligencia poideran ocasionarse, pero non o serán dos derivados do desgaste polo correcto uso.

De igual modo, **estableceráanse as sancions oportunas polo retraso na devolución do material en préstamo docente.**

CAPÍTULO III. PRÉSTAMO DOCENTE DOS MAVS

Artigo 7: Enténdese como préstamo docente dos medios audiovisuais da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, o que se formalice con alumnos e profesores do Centro para a realización das actividades docentes previstas nas asignaturas das Titulacións da mesma.

Artigo 8: As Comisións Académicas das Titulacións nas que se necesite o préstamo docente de MAVs enviarán ao **Decanato / Comisión de Tecnoloxía**, antes do 20 de xulio, unha lista de necesidades para o seguinte curso, na que figuren, ao menos, os seguintes datos: asignaturas, profesores implicados, material necesario e temporalidade aproximada. No caso

de outras actividades organizadas, nas que se necesite o préstamo de MAVs por razóns docentes, será o director da correspondente actividade quen envíe ao Decanato / Comisión de Tecnoloxía a lista de necesidades coa suficiente antelación.

Artigo 9: O Decanato / Comisión de Tecnoloxía facilitara ao Gabinete Técnico antes do inicio de cada cuatrimestre unha listaxe de asignaturas, material precisado, temporalidade aproximada e os profesores que poderán autorizar as solicitudes, poñendo en coñecemento inmediato via mail calqueira outra modificación, por baixa, ou alta dalgún membro docente durante o curso, que presenten os alumnos.

Artigo 10: Os usuarios terán que solicitar o préstamo do correspondente material ao Gabinete Audiovisual a través de reserva vía web na Base de Datos de Material, a cal será autorizada polo profesor da asignatura correspondente. Ningún profesor poderá firmar autorizacións para outras asignaturas. E responsabilidade do docente revisar cada petición co fin de que eso non ocorra.

CAPÍTULO IV. CONDICIÓN XERAIS PARA RESERVAR MATERIAL E UTILIZACION DOS LABORATORIOS

Artigo 11: A reserva do material faráse coa antelación suficiente, de alomenos 24 horas, para garantir que os equipos estarán revisados e en condicións. No caso dos laboratorios non se esixirá o prazo anterior, pero, en calqueira caso, sempre terán prioridade as actividades docentes no mesmo.

O trámite realizarse via web a través da Base de datos de Reserva de Material e Laboratorios, no que constatarán o material e os laboratorios, e os días e horas que se queiran reservar.

Unha vez transcurridos **60 minutos** da hora de reserva sin facer acto de presenza, **ou avisar do retraso**, ésta quedará anulada e o material e os laboratorios pasarán a poñerse a disposición del resto de usuarios interesados na Base de Datos.

A Facultade reservase o dereito de anular ou modificar as reservas confirmadas por cuestións de **interés xeral** ou necesidades do servizo.

No caso de que o usuario queira anular a reserva confirmada comunicarao coa maior antelación posible ao personal técnico mediante correo electrónico, ou persoalmente.

Artigo 12: As reservas efectuaráanse en base aos listados de profesores, asignaturas, material e temporalidade enviados polo Decanato / Comisión de Tecnoloxía ao principio de cada cuatrimestre. As autorizacións arquivaráanse dixitalmente, i en formato papel, durante o curso académico, coas anotacións pertinentes por parte dos técnicos.

Artigo 13: O usuario deberá revisar o material que se lle presta. Coa formalización do préstamo acepta que está en óptimas condicións, e asume a responsabilidade da súa custodia. Para retirar o material debe vir a persona que fixo a reserva e deixar en depósito o seu carnet académico.

Artigo 14: Unha vez realizada a tarefa docente, o usuario comprométese a devolver ao Gabinete Técnico o material prestado no prazo solicitado para facilitar posteriores préstamos e non afectar ó resto de usuarios.

Artigo 15: Os Técnicos Audiovisuales revisarán o material e anotarán o resultado da revisión na autorización correspondente e, si o material está en perfectas condicións, colocarán o material como revisado e dispoñible para o préstamo.

Entre un préstamo é o seguinte debe pasar un periodo de alomenos **2 horas** para que de tempo a recargar baterías.

Artigo 16: Si, trala revisión, os Técnicos detectan que o material non está en perfectas condicións retiraráno do préstamo, cursando a correspondente baixa na Base de Datos de Material ata a súa reparación e informarán periodicamente ao Decanato / Comisión de Tecnoloxía, por si se considerara que debe impoñerse unha sanción.

Artigo 17: Os alumnos que teñan pendiente a devolución o reparación de cualquera material, non poderán solicitar máis MAVs da Facultade en préstamo hasta que procedan a su reintegro ou o reparación.

Artigo 18: Para os retrasos nas devolucións (non comunicados e non xustificados) **habará unha táboa de sancions**, previamente autorizada polo Decanato / Comisión de Tecnoloxía, e que se fará pública o inicio de cada curso.

Artigo 19: No caso de perda ou sustracción, debida a negligencia, deberá reintegrar o material prestado, non podendo utilizar os recursos tecnolóxicos da Facultade en tanto non o dea feito

CAPÍTULO V. PRODUCCIÓN AUDIOVISUALS

Artigo 20: A realización de producións audiovisuais extra-académicas, ideadas e deseñadas polos membros da Comunidade Universitaria do Centro, debe ser aprobada previamente polo Decanato / Comisión de Tecnoloxía.

Para a realización de calquera produción deste tipo será preciso elaborar un proxecto por escrito.

Artigo 21: O proxecto deberá ir avalado por un profesor do Centro, que será o encargado de supervisar o seu desenvolvemento. .

Artigo 22: A solicitude de produción deberá ser presentada ao Decanato / Comisión de Tecnoloxía, a través da web, para a súa avaliación. Establécese un prazo orientativo para solicitude, ao menos, dez días da primeira data prevista de uso dos MAVs.

Artigo 23: Todas as producións que se realicen total ou parcialmente con MAVs de la Facultade deberán facer constar, tanto no exterior ou cuberta como nos títulos de crédito, a frase: "Producción realizada cos Medios da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo", ou similar, especialmente cando teña lugar un uso externo as actividades académicas.

Artigo 24: A produción, distribución, difusión e explotación dos proxectos que se realicen cos MAV da Facultade, rexiránse pola lexislación vixente en materia de Propiedade Intelectual e Dereitos de Autor.

Artigo 25: Non se concederá o préstamo de material para producións externas de tipo comercial.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Artigo 26 - Esta normativa, así como os cambios posteriores, someteránse a Xunta de Facultade para o seu estudo, modificación, ratificación ou derogación.

Artigo 27 - A interpretación da presente normativa corresponderá os técnicos audiovisuais da Facultade e a Comisión de Tecnoloxía, que poderán propoñer pequenas modificacións, en base a experiencia diaria, que, de convertirse en permanentes, serán sometidos a aprobación da Xunta de Facultade.

Artigo 28 - A Comisión de Tecnoloxía estará constituída polo Vicedecano responsable das infraestructuras do centro, dous técnicos do Gabinete Audiovisual, dous alumnos con presenza na Xunta de Facultade e tres profesores con docencia autorizada a dar permisos de material. Serán nomeados polo Decano no mes de xuño, pra darlles tempo a preparar o curso seguinte. Un dos profesores actuará como coordinador.